

CEIP PLURILINGÜE AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO

E DESPOIS DO COLEXIO... QUE?

Que é iso da
ESO?



QUE É A ESO?

A Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO) é a próxima etapa educativa que vas estudar.

- Consta de 4 cursos con asignaturas obrigatorias (a maioría) e outras optativas (que poderás elixir, segundo os teus intereses).
- É obrigatoria e irá, como mínimo, ata que teñas 16 anos.

PARA QUE ESTUDAR ESO?

Os estudos da ESO serviránche para:

- Acceder a un posto de traballo.
- Poder estudar formación profesional (Ciclos de Grao Medio).
- Estudar bacharelato.
- Pero sobre todo, para seguir formándote como ser humano, máis competente, máis feliz, máis responsable.

Rematando esta etapa obterás o primeiro título académico:
O TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA



QUE É A ESO?

A ESO NO SISTEMA EDUCATIVO ESPAÑOL

Se picas na seguinte ligazón poderás ver un esquema do Sistema Educativo Español actual, no que aparecen os diferentes estudos que se poden ir cursando dende a educación infantil aos estudos universitarios:

O Sistema Educativo Español.



ESTRUTURA DA ESO

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA (ESO)
12-16 anos

1º CICLO

2º CICLO

1º ESO

2º ESO

3º ESO

4º ESO

ASIGNATURAS DE 1º DE ESO

Bioloxía e Xeoloxía (opción bilingüe)	4 horas
Xeografía e Historia	3 horas
Lingua Castelá e Literatura	4 horas
Lingua Galega e Literatura	4 horas
Matemáticas	5 horas
1ª lingua estranxeira: Inglés ou Francés	3 horas
Educación Física	3 horas
Educación Plástica, Visual e Audiovisual	2 horas
2ª lingua estranxeira: Francés ou Inglés / Exención (1)	2 horas
Titoría	1 horas
ELIXIR UNHA:	
- Relixión	1 horas
- Valores Éticos	1 horas

(1) A 2ª lingua estranxeira será obrigatoria en 1º e 2º da ESO. A partir de 3º o alumnado poderá escollela ou non. Se non hai alumnado suficiente, poderá non impartirse.

Algúns alumnos e alumnas poderán quedar exentos da 2ª lingua estranxeira.

A exención deberá ser recomendada polo profesorado titor, para o alumnado con dificultades en lingua e/ou matemáticas.

No seu lugar darase un reforzo dalgunha destas áreas.

(2) A partir de 3º da ESO a 2ª lingua estranxeira non é obrigatoria. Se non hai alumnado suficiente en algunha das linguas (inglés ou francés), non se impartirá.

ASIGNATURAS DE 1º DE ESO

<i>Materias</i>			
Bioloxía e Xeoloxía:	☐ Non bilingüe	☐ Bilingüe	
Educación Física			
Educación Plástica, Visual e Audiovisual			
Lingua Castelá e Literatura			
Lingua Galega e Literatura			
Matemáticas			
Xeografía e Historia			
1ª Lingua Estranxeira:	☐ Francés	☐ Inglés	(a mesma en toda a etapa)
2ª Lingua Estranxeira:	☐ Francés	☐ Inglés	☐ Exento/a
☐ Valores Éticos			<i>Escoller unha</i>
☐ Relixión			
Titoría			

PROMOCIÓN NA ESO

Poderase repetir o mesmo curso unha soa vez, e dúas como máximo na etapa.

PROMOCIÓN

Excepcionalmente, poserase repetir unha segunda vez 4º da ESO, se antes non se repetiu nada na etapa

No mes de setembro haberá unha proba extraordinaria das materias non superadas en xuño

As materias no superadas deberán ser recuperadas no curso ou nos cursos seguintes.

CANDO PASAS DE CURSO? (PROMOCIÓN)

Se en XUÑO:

- Tés todas as materias superadas... promocionas ao curso seguinte.
- Tés algunha materia suspensa ... terás que examinarte en setembro.

Se en SETEMBRO:

- Tés 1 materia suspensa ... promocionas ao curso seguinte (terás que examinarse desa materia no(s) curso(s) seguinte(s)).
- Tés 2 materias suspensas que non sexan simultaneamente Lingua Galega ou Lingua Castelá e Matemáticas... promocionas (terás que examinarte desas materias no(s) curso(s) seguinte(s)).

PROMOCIÓN

- Se téis 2 materias suspensas que sexan simultaneamente Lingua Galega ou Lingua Castelá e Matemáticas ... non promocionas, pero excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción, cando se dean certas condicións.
- Se téis 3 materias suspensas ... non promocionas, pero excepcionalmente, o equipo docente poderá autorizar a promoción, cando se dean certas condicións.
- Se téis máis de 3 materias sen superar..... non promocionas.

HORARIO DO IES OTERO PEDRAYO

- De luns a venres:
 - de 8:30 a 14:10
- Os luns hai clases pola tarde:
 - De 16:10 a 17:50
- Todos os días hai dous períodos de lecer:
 - De 10:10 a 10:30
 - De 12:10 a 12:30

PRAZO DE MATRÍCULA

Do 1 ao 10 de xullo

MAIOR DIFICULDADE...

A ESO implica unha maior dificultade que a primaria:

- Traballo máis intenso.
- Maior peso dos exames fronte ao traballo diario.
- Máis profesores, máis esixencias.
- Os profesores/as non controlan tan directamente aos alumnos como en Primaria.

... QUE ESIXEN NOVAS RESPOSTAS

- Aumentar o tempo de estudo na casa (un mínimo de 2 horas diarias).
- Organizarse ben: axenda, horario de traballo.
- Utilizar as técnicas de estudio. Saber estudar.
- Coidar a asistencia e a puntualidade.
- Asegurarse de entender moi ben o que se traballa nas clases. Pedir axuda e explicacións.

IES OTERO PEDRAYO



BREVE HISTORIA DO IES OTERO PEDRAYO

Pica na imaxe para ver un vídeo sobre a súa historia.



Os vossos profesores e profesoras do
CEIP AMADEO RODRÍGUEZ BARROSO
DESEXAN:

**QUE GARDEDES SEMPRE UN BO RECORDO DO PASO
POLO COLEXIO**

QUE VOS VAIA MOI BEN NO INSTITUTO E NA VIDA!



Éste será
sempre o
vosso
colexio!